

# A CONTRIBUCIÓN DOS MUSEOS CIENTÍFICOS CORUÑESES AO ENSINO DAS CIENCIAS

Por Xosé A. Fraga, director dos Museos científicos coruñeses  
xafraga@casaciencias.org

Enciga , 20 XI 08, O Carballiño

A actividade científica abrangue un labor múltiple, que afecta á investigación, comunicación entre expertos, organización de eventos e á formación, acadada pola vía da educación e difusión.

Os museos científicos coruñeses (mc2) constitúen a principal plataforma de divulgación científica de Galicia. Case 700.000 persoas pasan cada ano polas súas diferentes instalacións (Casa das Ciencias, Domus, Aquarium Finisterrae) e poden observar diversas exposicións e acudir e numerosas actividades ou consultar a páxina web.

Creados a mediados dos anos oitenta, os mc2 son *science centres*, institucións nadas en diversos lugares do mundo arredor dos setenta no contexto de importantes cambios socio-culturais e da renovación pedagóxica (Exploratorium de San Francisco, Muséu de la ciencia de Barcelona, etc.). A filosofía que inspira a este centros pode resumirse en expresións como *TOCAR*,

*PENSAR, SENTIR, SOÑAR.* O fundamental é a interactividade, o espírito lúdico e o fomento da curiosidade.

Desde esa perspectiva, os mc2 poden ser un valioso elemento complementario para os ensinantes de Ciencias. Os seus contidos deben servir como estímulo para o coñecemento curricular a desenvolver nas aulas. Asemade, poden fornecer de recursos dos que ás veces non dispoñen os centros educativos. A variedade de instalacións dos mc2 permiten, ademáis, completar unha visita variada.

Para que a contribución dos mc2 ao profesorado de Ciencias sexa relevante, coidamos necesario avanzar en diferentes estratexias. Unhas teñen que ver co contacto habitual co profesorado e intercambio de opinións e demandas. Outras co desenvolvemento de iniciativas que poidan acadar eficacia no labor pedagóxico. Falamos de facilitar, vía Internet, reunións o nas propias visitas, materiais útiles e de referencia, que enriquezan as estancias nos mc2.

Asemade, tentaremos de salientar o carácter múltiple das Ciencias, a presenza da muller no eido científico, a conexión con outros ámbitos culturais. Se a ciencia é unha actividade humana con características universais, tamén constitúe unha parte indispensable da cultura. Polo tanto, desenvólvese en ámbitos e condicións sociais e culturais diversos, que inciden de xeito relevante na construción histórica da actividade científica.

E presentaremos a programación de actividades e exposicións para este novo curso escolar 2008-2009.